



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN Casa do Concello de Vigo

Información para todos os traballadores e traballadoras

SPRL-CV V1 Febreiro 2012

Páx. 1 de 3

Concello de Vigo

En datas recentes aprobouse na XGL o documento **Plan de Autoprotección para a casa do Concello de Vigo**. Como consecuencia da súa implantación, nomeouse a un equipo de persoas encargadas de intervir no caso de emerxencia, que dispoñen de formación e adestramento axeitados para desenvolver as funcións encomendadas. Poden consultar a composición do **equipo de emerxencias** do seu andar no documento que se manterá actualizado na **intranet do Concello de Vigo na ruta: Información dos Servizos - Recursos Humanos – Prevención de Riscos – Plan Autoprotección Casa do Concello de Vigo - Equipo de Emerxencias**.

Agradecemos a súa colaboración no caso de emerxencia para garantir un resultado o máis satisfactorio posible.

SE VOSTEDE DETECTA UNHA EMERXENCIA

Se vostede detecta unha situación anómala que poida dar lugar a unha emerxencia **COMUNÍQUELO** o antes posible:

1º Á centralita da policía local-chamando ao **092** ou **1600** e describindo a situación detectada.

2º Ao persoal da súa zona de traballo designado para intervir no caso de emerxencia.

Calquera destas dúas comunicacións **activará o PLAN DE EMERXENCIAS** do edificio.

NO CASO DE EVACUACION DO EDIFICIO

Se no edificio se activa o PLAN DE EMERXENCIAS, o **persoal designado para intervir no caso de emerxencia** indicarlle verbalmente a orde de evacuación. **Siga as súas instrucións**.

- **Diríxase á saída máis próxima** o máis axiña posible e **sen precipitacións**. Deixe os equipos de traballo en posición de seguridade.
- **Acompañe ás visitas** cara á saída de emerxencia.
- **Non** utilice os **ascensores**.
- Iniciada a evacuación **non** está permitido **cambiar o sentido da marcha**.
- **Non leve obxectos** que poidan dificultar a marcha (ordenadores portátiles, maletíns, etc...)
- **Non** se **deteña nas saídas**.
- **Non** está permitido **acceder ao aparcadoiro** para retirar os vehículos particulares.
- Unha vez no exterior **diríxase ao PUNTO DE REUNIÓN: Praza do Rei a carón do parque infantil**. **Mantéñase no grupo cos seus compañeiros** de andar e permaneza aí até que o director do Plan de autoprotección comunique a orde expresa de abandonar a zona e a autorización de retorno ao posto de traballo.



Concello de Vigo

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN Casa do Concello de Vigo

Información para todos os traballadores e traballadoras

SPRL-CV V1 Febreiro 2012

Páx. 2 de 3

SE QUEDA ATRAPADO POLO LUME

- ✓ Gatee, reteña a respiración e peche os ollos cando poida.
- ✓ Coloque algún trapo, mollado a ser posible, sobre o nariz e a boca a modo de filtro sobre as vías respiratorias.
- ✓ Peche as portas situadas entre vostede e o fume.
- ✓ Tape as ranuras ao redor das portas e aberturas, utilizando trapos ou teas. Mólleas se ten auga nas inmediacións.
- ✓ Busque un cuarto con fiestra cara ao exterior, se pode ábraa amodo.
- ✓ Sinale a súa localización dende a fiestra; se atopa un teléfono chame ao 092 e indique a súa situación.
- ✓ Se no percorrido cara a saída se atopa cunha porta quente será un indicador da presenza de lume ao outro lado, non a abra, se non ten alternativa fágao protexéndose coa propia porta e situándose na parte máis baixa.

EN TODO MOMENTO DE ACTIVIDADE NO EDIFIZO

Por seguridade teña presentes as seguintes instrucións en todo momento de actividade no edificio:

- Todos os traballadores (a excepción da Policía Local) deben comunicar a súa presenza no centro fóra do horario laboral habitual (15.00 - 07.45 h.) ao persoal de conserxería, quen disporá dunha relación de ocupantes do edificio e localización previsible.
- NON OBSTACULICE en ningún momento os PERCORRIDOS e SAÍDAS DE EVACUACIÓN, así como o acceso a extintores, manguelras ou outro medio de loita contra incendios; cadros eléctricos, pulsadores de alarma, etc... estes equipos deben estar sempre accesibles para a súa rápida utilización no caso de emerxencia.
- Observe a sinalización existente, comprobe as saídas e vías a utilizar e a localización do extintor máis próximo. No caso de observar anomalías comuníquello por escrito ao SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS do Concello de Vigo.
- Sempre que sexa posible, manteña unha zona de seguridade (sen elementos combustibles) ao redor dos aparellos eléctricos.
- Non sobrecargue os enchufes. Se utiliza "ladróns", "regretas" ou prolongadores para conectar diversos aparellos eléctricos a un mesmo punto da rede, consulte previamente ao persoal de mantemento.



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN Casa do Concello de Vigo

Información para todos os traballadores e traballadoras

SPRL-CV V1 Febreiro 2012

Páx. 3 de 3

Concello de Vigo

- Se detecta calquera anomalía na instalación eléctrica ou de protección contra incendios, comuníquello inmediatamente ao persoal de mantemento.
- Manteña o seu lugar de traballo limpo e ordenado.
- Non está permitido o uso de calefactores de barra incandescente. O uso de radiadores eléctricos de aceite deberá ser coñecido polo persoal de mantemento.
- Ante calquera cheiro sospeitoso ou superficie excesivamente quente, avise ao persoal de mantemento.
- Nos almacenamentos hai que deixar libre unha distancia dun metro por debaixo de calquera luminaria ou detector de incendios.
- Inspeccione o seu lugar de traballo ao finalizar a xornada. Se é posible desconecte os aparellos eléctricos que non sexa imprescindible manter conectados.
- As operacións "en quente" (con chamas abertas, obxectos quentes, chispas metálicas, arcos eléctricos...) normalmente derivadas de operacións de mantemento mecánico e soldadura deben ser autorizadas expresamente polo **responsable do servizo onde/por conta de quen se execute a obra**, previa expedición do "**permiso de traballo en quente**", que está a súa disposición na intranet na ruta: Información dos Servizos - Recursos Humanos – Prevención de Riscos – FORMULARIOS – PERMISO TRABALLO EN QUENTE.

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN